

A. L.
GRAL, nº 52. Abril-xvño. 1976

O ESPELLO NA SERÁN

Otero Pedrayo escribiu un libro sobre Santiago, pero non ao xeito no que adoitan escribir os libros sobre Santiago ou sobre calquera outra cidade, sinón ao seu xeito, e precisamente aquí, no que corresponde a este tema, hai dabondo que dicir encol delo. Eu non sei que catalogación literaria poderá facerse, farásese algún día, nun estudo serio e panorámico da obra de don Ramón, pero supoño que resultará difícil catalogala e definila. Así este libro composto de noventa e nove títulos, que non é ensaio nin narración, ou millor, nin soio ensaio nin soio narración, nin tampouco conxunto de estampas, impresións nas que se transmite a visión elaborada na lembranza.

Conviría decidir en primeiro lugar a forma na que o autor se enfrenta á cidade, non só agora sinón sempre, como actitude, ou a forma na que a cidade se ten adonado del, si non fora árdua empresa falar axeitadamente destes estados de simbiose que se establecen, ás veces, entre o lugar e o home. Non sabermos de ónde ten partido a relación que crea a forza comunicante. A cidade está aquí entregada á palabra quezáis porque é o destino que desexou, ou quezáis non, quezáis ben ao seu pesar ao se sentir de tal xeito apresada e desvelada, pero está aquí e se non trata da arqueoloxía ou da arquitectura, da historia ou da lenda, das pedras ou dos homes e da luz —que, ademais, está a luz—, inda que se trate de todo. E así, diante da imposibilidade de trazar unha previa cuadrícula mental que facilite a expresión, polas fondas e humildes vías da emoción e da intuición sentímonos vencellados a este libro máxico, filosófico, real e fantástico, e mesmo científico si é que as ciencias do espírito son merecentes dun creto e si aceptamos que os inventos da alma obrigan a medir o paso pra seguir as súas vías. Pero en calquera caso reconozco, verbo de mín, a condición indifendible do libro; tenciono coa miña declaración que non se me esixan esactitudes convencionais, hai outras crases de esactitudes que tenciono apreixar na resonancia que na súa derradeira razón teñen as palabras. Sucede con elas como co sangue: a cada quen circúlalle a súa co seu peculiar tipo de vida. E nas palabras unha cousa é a súa lóxica e outra o seu misterio. A lectura destas páxinas obriga a reconocelo, nelas amóstrase a forza unida de ambos e dous elementos.

Tamén Compostela ten a súa lóxica e o seu misterio. Pódese facer a súa historia, a do Concello, a do arte, a do humorismo, a da liberdade e o amor compostelán, pero non a historia do espírito. Por eso a cidade "histórica" non ten atopado o seu verdadeiro historiador. É Otero Pedrayo quen o dí: "Das fondas vivencias poéticas só se poden recoller cinzas apenas quentes. As chamas sofridoras, graves, dos grandes creadores, son simbólicas totais. Como Compostela". Entón, diráseme, trátase aquí do inefable, xa está situado o autor no seu terreo. No seu e en todos, que son seus tamén, esto é o que interesa sinalar. "Na física vella, Compostela pode ser significada polo prisma. Fai o análise cromático das almas. Outras cidades artísticas non pasan de espellos. Os "turistas" gregarios cansaranse axina de Compostela. Procuran variedade de espellos contra da anguria. Fuxen do análise". O análise a que obriga ao home a cidade gracias á cal polos camiños do mundo e do trasmundo, foi craxéndose unha conciencia chamada Compostela "que podería seguir lucindo, inda

que da cidade material sóo quedarán unhas pedras comestas polas herbas bravas, ou envolveitas no xardín das glosas".

Cabe facer unha biblioteca de historiadores de Compostela, dende o Calixtino a don Xesús Carro, cuio espírito recolla o nacemento e a sombra dos feitos. Pero é outra Compostela a que percura Otero Pedrayo, outra que a que historiou o mesmo López Ferreiro, a quen saúda con novo amor e respecto. O que denomina "gran doutor compostelán da hora cupular das doce": "Non quixo saber nada —dí— da noite nin do misterio das almas". Quédanos a grande obra. "Unha lóxica de canto chan nos once volumes, once arcos tendidos sobre do río do tempo, once remos da nao".

Este capítulo que cito, "Dous historiadores da cidade histórica", é un dos construídos dentro da súa liberdade máis estritamente ao servizo da teoría. Cambea noutros o tono, o talante, a palabra do autor. Así, por exemplo, o delicioso da casa fuxida, a casa que fuxe ao campo, ou "O Paso Honroso dos ventos". "Entrambos xentis cabaleiros, o vento do Tambre e o vento do Ulla, non esquecen a súa porfía", porque os dous están namorados de Compostela, que sabe levarlles o xenio. É a Virxe prudente coa súa lámpada ergueita a todo o vento. Ou o de "A catedral e as nubes", "O don Pazo e misia Salomé", ou tamén a historia do señorito da Motalonga que foi a Santiago a se consultar do reuma e das fantasías, ou a "Comediola", de 1823, e tantas cousas máis que son sempre a cidade, a Compostela de Otero Pedrayo. Chove nela, pero "concertadamente". Dentro da cidade estamos dentro da medida, inda que un mundo vello e novo, primitivo e decadente, sinorial, enseñoritado e campesiño, románico e barroco pola mesma esuberancia vital do seu descubridor e recreador, percorrido por camiños que siguen a marcha do tempo ou dan volta alleos ao seu poder; un mundo no que cabe o mundo antes o comezo e o cabo que non descubrimos porque se ten posto a salvo de tales limitacións, é o que vive neste libro —"O espello do solpor", "O espello da tardiña"—, que, pesie ás súas néboas esternas e protectoras nas que se envolve e que non atinan a tapar a súa luz, pesie á súa saudade, pesie a todo, é un libro gozoso porque nel alenta o íntimo gozo que acerta a lle transmitir a ollada do autor; gozoso e triste, e difícil na súa sinxeleza si penetramos no laberinto ao que nos conduz.

CONCHA CASTROVIEJO